

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL FEITA O DÍA 14 DE XANEIRO DE 2016.-

ASISTENTES:

ALCALDE: D. Francisco Quintela Requeijo

CONCELLEIROS/A: D. Manuel Corral Rivas, D^a. María Yolanda Valiño Pena, D. Juan Carlos García Barreiro, D. Francisco Manuel Crespo Gómez, D^a. Mónica Álvarez Martínez, D. Jorge Boado Presas, D^a. Pura Ferreño Saia.

Desculpa a súa non asistencia, por enfermidade, D^a. Sonia López Marcote.

SECRETARIO: D. Antonio Gómez-Iglesias Casal.

Na Casa do Concello de Coirós, ás vinte e unha horas e dez minutos do día catorce de xaneiro de dous mil dezaseis, comeza a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación Municipal, presidida polo Sr. Alcalde e coa asistencia das persoas que máis arriba se relacionan.

1.- ACTA ANTERIOR.-

Por unanimidade, os asistentes aproban a acta da sesión anterior, de vinte e un de decembro de dous mil quince.-

2.- PADRÓN TAXA RECOLLIDA DE LIXO 2016.-

Preséntase a aprobación o padrón da Taxa pola Recollida de Residuos Sólidos Urbanos para o exercicio 2016, que se compón de 986 recibos con un importe total de 68.150 euros.-

Por unanimidade dos asistentes apróbase o padrón antedito.

3.- MOCION BNG DESEMPREGO E EMIGRACIÓN XUVENIL.-

Intervén a Sra. Ferreño facendo unha exposición da moción do seu grupo, terminando coa lectura da proposta de acordo que, literalmente, di:

*“Posta en marcha de medidas dirixidas á creación de emprego digno na comarca para a mocidade. Fanse as seguintes propostas de **MEDIDAS a desenvolver**:*

- *Impulsar a creación dunha rede municipal e/ou comarcal de empregabilidade para xente moza. Coordinación co Servizo Público de Emprego na xestión das ofertas de traballo, evitando que sexan as ETT's as que xestionen a oferta laboral.*
- *Potenciar as industrias vinculadas á lingua e cultura nacionais, que ademais de ser os valores máis representativos da nosa identidade nacional, crean valor engadido e polo tanto emprego xa que veñen dando mostras nos últimos anos dun grande dinamismo. A convocatoria de premios, bolsas e certames son instrumentos que se poden empregar para isto.*
- *Levar a cabo a creación de bolsas destinadas a titulado/a_s superiores, para executar proxectos de especialización, exportación e innovación da economía local.*
- *Apoiar proxectos emprendedores de xente moza a través do acompañamento do desenvolvemento desde o inicio, creando espazos gratuítos de coworking para a mocidade, onde convivan diversas culturas profesionais coas que obter sinerxias.*
- *Crear un servizo de seguimento da mocidade desempregada, coa finalidade de garantir e procurar a súa introdución no emprego.*

- *Actuación dos concellos na liña de dar saídas laborais acaidas á realidade socioeconómica, garantindo o mantemento da poboación en espazos rurais.*
- *Axudar ao desenvolvemento de proxectos e iniciativas de mocidade para a creación e/ou mantemento de explotacións agro-gandeiras e de agricultura ecolóxica, e favorecer aqueles proxectos libreas de transxénicos.”*

O Sr. Alcalde di que non cabe dúbida de que os gobernos teñen que axudar ás empresas e estas medidas de axuda teñen que ser adoptadas pola administración do Estado e das Comunidades Autónomas. Continúa dicindo que cando se presentou a moción púxose en contacto co seu partido pedindo a opinión do mesmo, pero considera positiva a moción presentado, polo que o seu grupo vai votar a favor da moción presentada.

Sometida a proposta a votación, votan a favor todos os asistente, polo que o Sr. Alcalde declara aprobada a proposta do BNG, por unanimidade.

4.- INFORME DA ALCALDÍA.-

Dende os Servizos Municipais de Xuventude, Sociais, Biblioteca e Oficina de Información á Muller infórmase do seguinte:

4.1- Centro de Información á Muller.

4.1.1.- O CIM de Coirós está adherido á rede de entidades locais en contra da violencia de xénero e concedéronos a actividade “DESCONEXIÓN” para menores e mulleres que sofren o teñen sufrido violencia de xénero. Nesta actividade poderán participar as poboacións que forman parte dos Concellos conveniados na atención do CIM. As datas en que se realizará o programa serán 19 e 20 de febreiro.

4.1.2.- A Secretaria Xeral de igualdade concede ao CIM de Coirós unha cantidade de 39.616,80€ para o funcionamento do CIM dende decembro de 2014 ata abril de 2016.

4.1.3.- Estanse realizando os luns deste mes de xaneiro, no edificio de usos múltiples o programa violeta para previr a violencia de xénero nos menores e promover a igualdade. Programa subvencionado íntegro pola Secretaria xeral de Igualdade coa cantidade de 840€.

4.1.4.- Solicitouse á Deputación da Coruña o Programa Concilia Coirós 2016 unha axuda de de 9.800€.

4.1.5.- Continúa o programa de Educación en Igualdade das Escolas infantís para colaborar dende o CIM na promoción da igualdade.

4.2.- Servizos Sociais.

4.2.1.- ÁREA MAIORES

ACTUACIÓNS DO CORO. O grupo de canto preparou nestes últimos ensaios as actuacións conxunta cós alumnos das escolas de Coirós e de Ois, así coma a participación no Festival de Nadal celebrado no Centro Social na tarde do xoves, 17/12/15. Tamén realizaron un ensaio conxunto en Abegondo o día 23/12/15, así coma una actuación tamén en Abegondo o domingo 3 de xaneiro de 2016.

PROGRAMA DE TERMALISMO SOCIAL DO IMSERSO. Infórmase que como tódolos anos por estas datas, está aberto o prazo de presentación de solicitudes para o Programa de Termalismo Social do IMSERSO, no que poden participar os pensionistas de xubilación e invalidez, e os pensionistas de viuvez con 55 anos, e outras prestación ou subsidios desemprego con 60 anos cumpridos. Desfrutando de quendas de 12 días (11 noites), nos balnearios das

distintas CC.AA. Segundo recolle o listado facilitado polo IMSERSO. Os prazos, segundo se informa nos bandos distribuídos por tódalas parroquias establécense segundo as quendas solicitadas:

- Quendas de FEBREIRO, a AGOSTO, ata o día **11 DE XANEIRO DE 2016**
- Quendas de SETEMBRO a DECEMBRO, ata o día **11 DE MAIO DE 2016**

4.2.2.- ÁREA FAMILIA.

PROGRAMA DE ENTREGA DE ALIMENTOS no Nadal. Durante o pasado mes de decembro (10/12/15), entregáronse 23 lotes de alimentos procedentes do PLAN 2015 que distribúe a entidade CRUZ BERMELLA (completados con 25 lotes de produtos do Nadal que engadiu o concello).

4.2.3. - ÁREA MENORES

PROGRAMA DE REPARTO DE XOGUETES, en colaboración coa CRUZ BERMELLA, un ano máis levouse a cabo a entrega de xoguetes ós menores das familias máis necesitadas, neste campaña foron 11 os menores que recibiron agasallos.

TARXETA BENVIDA: O pasado 30/12/15, a Consellería de Política Social publicou no DOG Nº 248, as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta benvida, para as familias con fillas e fillos nados no ano 2016. A contía total da axuda será de 1.200 €, a razón de 100 €/mes durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla. O prazo, segundo se informa nos bandos (na web, e no facebook) será de 2 meses dende o nacemento. Os requisitos e demais información, así como o trámite levarao a cabo a Educadora Familiar: Paula Medal.

4.2.4.- ÁREA EDUCACIÓN

CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA O CURSO 15/16: O pasado 21 de decembro do 2015, pagáronse as axudas concedidas. Rexistráronse 8 solicitudes para libros de texto, 7 concedidas (810 €), e 29 para transporte, 29 concedidas (8.570 €). A cantidade total a pagar foron 9.380 €.

4.2.5.- SUBVENCIONS

SUBVENCIONS DEPUTACIÓN: Solicitadas en prazo (do 19/11 ó 18/12/15) á Deputación subvencións para SS.SS/2016.: para o Plan de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios (45.488,21 €), para o mantemento de SS.SS.: Programa de intervención socio-educativa (16.000,00 €); así coma para o programa de envellecemento activo (3.000,00 €).

4.3.- Servizo Municipal de Xuventude.

4.3.1.- -Concurso de tarxetas de Nadal:

Houbo unha participación de 41 nenos/as e mozos/as no concurso. As tarxetas gañadoras utilizaranse para a promoción da campaña de Nadal e como tarxeta de felicitación do Concello.

4.3.2.- O xoves 17 celebrouse o festival de Nadal:

Iniciouse a xornada coa actuación do grupo de música e baile tradicional do Concello, a continuación actuación dos grupos de teatro infantil e xuvenil do Concello e para rematar, o coro municipal. Tamén se entregaron os premios do concurso de tarxetas de Nadal, ademais de un detalle a cada participante.

4.3.3.- Outras actuacións do programa de Nadal foron:

- Martes 16, espectáculo de maxia co Mago Xacobe, dentro da rede Cultural da Deputación da Coruña.

- Venres 18 en sesión de mañá visita dun paxe real ós nenos e nenas das escolas infantís

- Venres 18 en sesión de tarde, espectáculo teatral “Roedores” da compañía Redrum teatro, dentro da rede cultural da Deputación da Coruña. Asistiron ó redor de 70 persoas.

4.3.4.- Visita dos Reis Magos: como tódolos anos os Magos visitaron os locais sociais de Queirís, Ois e Coirós, ademais das residencias de maiores “Fonte do Santo” e “Santa María de Ois”. Entregouse un detalle a cada neno/a ata os 12 anos. A participación foi de aproximadamente de 120 nenos/as de 0 a 12 anos. Require mención a participación dos veciños e asociacións (cultural de Colantres e Fillos de Ois) que colaboran para que todo este preparado para cando cheguen os magos.

4.3.5.- Campaña de esquí: O Concello colabora coa Deputación na campaña de esquí que consiste nunha viaxe dunha fin de semana á estación invernal de Manzaneda. A Deputación subvenciona a maioría dos gastos agás a cota de participación de 85€, da que o Concello subvenciona a metade. As prazas que se adxudiquen levaranse a sorteo ante o secretario.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

A Sra. Ferreño roga que para a información dos veciños e veciñas, para a colocación de bandos e outros anuncios, se manteñan os paneis das eleccións e se amplíen a outros puntos do concello, facilitando así a colocación de todo tipo de propaganda.-

O Sr. Alcalde di que toma nota.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión sendo as vinte e unha horas e vinte minutos, do que eu, Secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO